

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de marzo de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
Dª. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
Dª. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

Dª. Corina Porro Martínez
D. Antonio Coello Bufill

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vintedous de marzo de dous mil catro e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, por ausencia da Excma. Sra. Alcaldesa, Dª. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados e do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Esta presente a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(306).- ACTA ANTERIOR. Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión 8 de marzo de 2004. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(307).- PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO ANO 2004. EXPTE. 18901/511.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de negociado de vehículos, do 12.03.04, conformado polo xefe do Servicio de Admón. de Tributos, a interventora xeral e o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno, acorda:

Aproba-lo Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2004, que comeza coa inscrición do vehículo 7598-BBB e remata coa inscrición do vehículo ZA-34161-VE, polo importe

total de 11.557.493,51 euros (once millóns cincocentos cincoenta e sete mil catrocentos noventa e tres euros con cincoenta e un céntimos), correspondentes a un total de 151.222 vehículos.

3(308).- PROPOSTA PARA A CONCESIÓN DO GALARDÓN DE “VIGUESES DISTINGUIDOS 2004”. EXPTE. 909/103.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, do 10.03.04, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda concede-lo galardón de “Vigueses/as distinguidos/as” do ano 2004 ás persoas e institucións que de seguido se relacionan:

-*Instituto de Estudios Vigueses*: Institución creada en 1991, adicada dende a súa fundación, a fomentar, orientar, coordinar e realizar a investigación nas diferentes ramas das ciencias técnicas e artes en tódalas manifestacións que se relacionen con Vigo e a súa bisbarra. Recoñecemento á traxectoria na búsqueda e defensa dos valores da cidade.

-*Colegio San José de Cluny*: Fundado en 1904, cumple un século de adicación á educación das mulleres da cidade ininterrumpidamente, fomentando asemade campañas a favor da solidariedade, a cultura e deporte. Recoñécese a súa labor a prol da educación na nosa cidade.

-*Da. María Eugenia Ayala González*: persoa adicada o mundo da confección e a moda, realizando a súa labor ininterrumpidamente dende hai 40 anos. Fundadora da Academia de Patronaxe Industrial Ayala. Recoñécese a súa adicación ó estudio, difusión e formación do mundo da moda e a confección.

-*D. Manuel Lago Martínez*: persoa natural de Vigo, verdadeiro polifacético da filatelia, e autor de numerosos traballos sobre a filatelia enumismática de Vigo. Propónese o seu recoñecemento como contribuínte ó coñecemento e difusión da filatelia e o periodismo filatélico.

-*Da. Hortensia González Fernández*: nacida en Ourense pero residente en Vigo adicou a súa vida á axuda do necesitado. Fundadora de AFAN, Asociación dedicada fundamentalmente a servir de comedor a tódolos necesitados. Recoñécese a súa labor a prol dos máis necesitados.

-*Doutor D. Juan González Pérez*: oriundo da provincia de Ourense, médico pola Universidade de Santiago, leva máis de 15 anos como médico voluntario dos Hermanos Misioneros dos Enfermos Pobres. Propónese recoñecer a súa labor profesional cos enfermos necesitados.

-*Hipigal, S.L.*: Sociedade fundada o 30 de xuño de 2000, recollendo a tradición hípica da cidade, organiza os concursos hípicos e copos do mundo de salto, situando a Vigo entre as primerias cidades do mundo no deporte da Hípica. Deste xeito no 2000 organizou a primeira copa do mundo que se remitiu con gran éxito no 2003 e, no presente ano xunto coa terceira edición da Copa de Mundo de Saltos e Enganches de Vigo. Propónese recoñecer os méritos de Servicios Hípicos Hipigal, S.L. pola súa contribución ó

coñecemento da nosa cidade tanto no ámbito nacional e internacional con esta combinación de espectáculo e deporte.

-*D. Anxo González Ferreira*: traballador de PSA-Citroën, mestre industrial e sindicalista con más de 35 anos de profunda dedicación. Propónese o recoñecemento pola súa labor na defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras.

4(309).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 6.583,71 € A FAVOR DE ANÓNIMO PUBLICIDAD. EXPTE. 1114/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 5.03.04, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servicio Administrativo de Alcaldía, do 20.02.04, conformado polo concelleiro delegado de Facenda, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran na factura n.º 2004/41, de “Anónimo Publicidad” (CIF. B-36721900), data de Rexistro Xeral 19/02/04, polo concepto “Inserción publicidade institucional”, por importe de 6.583,71 euros, IVE incluído.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de “Anónimo Publicidad”, con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.00, “Publicidade Relacións Públicas”, por un importe total de 6.583,71 euros.

3º.- Dispoñer o gasto a favor de “Anónimo Publicidad”, por importe de 6.583,71 euros, IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.00, “Publicidade Relacións Públicas” do presupuesto prorrogado actualmente en vigor.”

5(310).- SENTENCIA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 1/226/03 INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA SENTENCIA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 NO R.C.A. Nº 255/02 EN RELACIÓN CO ESTABLECIMENTO DOS SERVICIOS MÍNIMOS DO PERSOAL DURANTE A FOLGA DO 20.06.02. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentencia de data 28.01.04 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso referido interposto contra sentencia do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo (que estima parcialmente o r.c.a. interposto pola Confederación Intersindical Galega contra decreto da Alcaldía Presidencia do Concello de Vigo de 17.06.02 que establecen os servicios mínimos do persoal municipal durante a folga convocada para o día 20.06.02), que falla o seguinte:

“Que debemos desestimar e desestimamo-lo recurso de apelación interposto polo Concello de Vigo contra sentencia de 3 de setembro de 2003 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no procedemento abreviado que co número 255/02 se sigue en dito Xulgado, sobre servicios

mínimos para a folga do persoal municipal de dita Corporación convocada para o día 20 de xuño de 2002; e, en consecuencia, debemos confirmar e confirmamo-los pronunciamentos contidos nela; impoñendo á Corporación apelante o pagamento das custas devengadas nesta segunda instancia; e, con testemuño da presente, devólvanse ó Xulgado de procedencia os autos e expediente administrativo que no seu día remitiu.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentencia.

6(311).- SENTENCIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 1 DE VIGO NO R.C.A. N° 311/2002 INTERPOSTO POR Dª MARINA ARAUJO COMESAÑA CONTRA ACORDOS DA XERENCIA DE URBANISMO, EN RELACIÓN COAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN PECHE. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentencia de data 3.03.04 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso-Administrativo interposto por Dª Marina Araujo Comesaña contra acordo da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo de 21.06.02, que desestima o recurso de reposición interposto contra acordo de 7.02.02 (expediente núm. 11060/423), que declara realizadas sen licencia e incompatibles coa ordenación urbanística vixente as obras consistentes na construción dun peche de 13 m. de bloque de formigón e porta metálica e 36 m. de postes de pedra e alambre. Sen custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentencia.

7(312).- AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 1 DE VIGO NO R.C.A. N° 266/2002 INTERPOSTO POR D. FERNANDO VILABOA PÉREZ CONTRA O CONCELLO DE VIGO SOBRE ADECUACIÓN DE DENOMINACIÓN E RETRIBUCIÓNS DE POSTO DE TRABALLO. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 24.02.04 dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Qué debía acordar e acordaba ter á procuradora Tamara Ucha Groba en nome e representación de Fernando Vilaboa Pérez, por desistida na prosecución do presente procedemento.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

8(313).- AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 1 DE VIGO NO R.C.A. N° 20/2004 INTERPOSTO POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA EN RELACIÓN CON RECIBOS DO IBI DO ANO 2002. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta do auto de data 24.02.04, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Acordo declara-la inadmisibilidade do presente recurso contencioso-administrativo, por non ter agotado a vía administrativa previa.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

9(314).- SENTENCIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 1 DE PONTEVEDRA NO R.C.A. N° 53/99 INTERPOSTO POR Dª Mª CARMEN MARTÍNEZ BLANCO CONTRA SANCIÓN TRIBUTARIA SOBRE O IMPOSTO DE INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta da sentencia de data 5.03.04 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no recurso de referencia interpuesto contra resolución de Alcaldía de 27.11.98 pola que se lle impón á recorrente unha sanción de 90.253.-ptas., pola falla de presentación en prazo da autoliquidación correspondente ó Imposto de incremento do valor dos terreos de natureza urbana. A sentencia falla o seguinte:

“Que debo inadmitir e inadmito a demanda formulada polo procurador Miguel Martínez Cabrera, actuando en nome e representación de María del Carmen Martínez Blanco, contra a resolución do Concello de Vigo de 27 de novembro de 1998, por falla de agotamento da vía administrativa previa, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada.

10(315).- AUTO DO TSXG NO R.C.A. N° 02/4167/2003 INTERPOSTO POR MAPFRE MUTUALIDAD E D. ALBERTO MONEDERO LISANA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. REMATADO O PROCEDEMENTO.

Dáse conta do auto de data 20.02.04, dictado pola Sala do contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia interpuesto contra desestimación por silencio de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos sufridos no vehículo PO-4737-BT como consecuencia dunha fochanca existente en Maca-Castrelos. O Auto falla o seguinte:

“Declárase rematado este procedemento o ter sito recoñecidas en vía administrativa as pretensíons da parte actora. Non se fai imposición de custas. Procédase o arquivo do recurso.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

11(316).- SENTENCIA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4943/2000 INTERPOSTO POR D. SALVADOR COELLO MORENO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.

Dáse conta da sentencia de data 19.02.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Estimamo-lo recurso contencioso-administrativo interposto por D. Salvador Coello Moreno contra desestimación presunta do Concello de Vigo da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos sufridos en vehículo matrícula PO-4666-Ad, o 10.07.99 en rúa Poblares de Vigo, acto que anulamos por ser contrario a dereito. Condenamos ó Concello demandado a que aboe ó recorrente a cantidade de 295.683.-ptas. cos xuros legais de tal cantidade dende a data da súa demanda. Non se fai imposición de custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

12(317).- AUTO DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4377/2003 INTERPOSTO POR D. ENRIQUE JAVIER RODRÍGUEZ ALLERES CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMENTO DA ACTORA.

Dáse conta do auto de data 25.02.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia que falla o seguinte:

Acepta-lo desestimento do presente recurso realizado polo recorrente Enrique Javier Rodríguez Alleres e declarar rematado o procedemento. Proceder ó arquivo dos autos e a devolución do expediente administrativo ó órgano de procedencia. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada.

13(318).- REVISIÓN DO IPC CORRESPONDENTE Ó CONVENIO DE XESTIÓN DO SERVICIO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES ASINADO COA CRUZ ROJA ESPAÑOLA. EXPTE. 10720/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 17.02.04, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, o concelleiro delegado de Facenda e a interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Autorizar disposición de crédito por importe de 1.975,01 € en execución da cláusula decimo cuarta do convenio de prestación do servicio “Centro de día para persoas maiores”, adxudicado á Cruz Roja Española na Comisión de Goberno do 10 de decembro de 2001, correspondente ó incremento do IPC decembro/2002-decembro/2003, calculado sobre o prezo do contrato no ano 2003 que ascendía a 75.692,12 € e con cargo á partida 313.0.226.08.03 –Convenio centro de día para persoas maiores- do vixente orzamento (orzamento prorrogado 2003).

2º.- Aprobar con cargo á partida 3130.226.08.03, o gasto total de 77.660,12 €, importe do contrato para exercicio 2004, tendo en conta a existencia da autorización AD 200400002198 por importe de 75.692,12 €.

14(319).-REVISIÓN DO IPC CORRESPONDENTE Ó CONTRATO DO PROGRAMA DE FAMILIA ADXUDICADO A GRUPO 5 S.L. EXPTE. 10732/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 23.02.04, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, o concelleiro delegado de Facenda e a interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Autorizar disposición de crédito por importe de 4.092,46 € na partida 3130.226.08.02, en execución da o punto 3 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do programa de familia, adxudicado pola Comisión de Goberno en sesión do 2 de maio de 2001 a nome de Grupo 5, S.L. Gabinete de Traballo Social, NIF B78867371, con cargo a que se pagarán os incrementos operados por efecto da revisión de prezos no período xuño/2002-xuño/2003.

2º.- Aprobar, con cargo á partida 3130.2260802, o gasto total de 79.747,86 €, importe do contrato no período 01/01/2004-31/05/04, tendo en conta a existencia da autorización AD 200200002197 por importe de 75.655,40 €.

15(320).-REVISIÓN DO IPC CORRESPONDENTE Ó CONTRATO DO SERVICIO DO PROGRAMA DE DEPORTE PARA PERSOAS MAIORES ADXUDICADO A D. PABLO CASAL NÚÑEZ. EXPTE. 10731/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acuerdo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 23.02.04, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, o concelleiro delegado de Facenda e a interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Autorizar, en execución do punto 3 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servicio de deporte para persoas maiores, adxudicado pola Comisión de Goberno en sesión do 15 de outubro de 2001 a nome de D. Pablo Casal Núñez, disposición de crédito por importe de 774,35 € na partida 3130.226.08.01, con cargo a que se pagarán o incremento operados por efecto da revisión de prezos en función da variación do no período outubro/2002-outubro/2003.

2º.- Aprobar, con cargo á partida 3130.2260801, o gasto total de 23.431,79 €, importe do contrato no período 01-01-2004 a 31-10-2004, tendo en conta a existencia da autorización AD 200400002196 por importe de 22.657,44 €.

16(321).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVICIO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE DECEMBRO DE 2003, XANEIRO E FEBREIRO DE 2004.

Mediante escrito de data 15.03.04, dáse conta á Xunta de Goberno dos expedientes de contrato menor tramitados polo departamento de Benestar Social durante os meses de decembro de 2003, xaneiro e febreiro do presente ano, que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 3130 / DECEMBRO DE 2003

| CONCEPTO | PARTIDA | NºOPERACIÓN | IMPORTE <u>EUROS</u> | TERCEIRO |
|--|---------|--------------|-------------------------|------------------|
| MATERIAL PUBLICITARIO CAMPAÑA "DE BOA MAN" | 2260200 | 200300064069 | 6.000,00 | ITRES PUBLICIDAD |

DEPARTAMENTO:BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 3130/XANEIRO E FEBREIRO DE 2004

| CONCEPTO | PARTIDA | NºOPERACIÓN | IMPORTE EUROS | TERCEIRO |
|--|---------|--------------|---------------|------------------|
| REPARACION E MANTEMENTO UBAS | 2120000 | 200400003839 | 3.005,06 | VARIOS |
| MATERIAL ORDINARIO NON INVENTARIABLE | 2200000 | 200400004884 | 1.202,02 | VARIOS |
| LIBROS E OUTRAS PUBLICACIÓNS | 2200100 | 200400011089 | 400,00 | VARIOS |
| ACTIVIDADES PERSOAS MAIORES OBRADOIRO DE DANZA | 2260804 | 200400008217 | 8.120,00 | WENCESLAO CABEZA |
| INTRODUCCION DE DATOS VERSIÓN SIUSS V 2003 | 2270600 | 200400010378 | 8.942,37 | INDICADE, S.L. |

A Xunta de Goberno queda enterada.

17(322).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVICIO DE CULTURA DURANTE OS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2004. EXPTE. 8208/331.

En cumprimento coa base 31ª das de execución do presuposto o concelleiro-delegado da área de Asuntos Sociais, da conta á Xunta de Goberno dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Cultura nos meses de xaneiro e febreiro de 2004 e que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: CULTURA FUNCIONAL: 4510

| CONCEPTO.- Mantemento e reparación do ascensor do Verbum-Casa das Palabras. | | | | | |
|---|-----------|---------|------|----------------|--|
| Nº exped. | Data res. | Partida | Rc | Importe | Perceptor |
| 8162/331 | 20/01/04 | 2270607 | 4753 | 4.000,00 euros | Ascensores Ascel S.L. (C.I.F.: B-36702199) |

| CONCEPTO.- Vixilancia na Biblioteca Central con motivo da ampliación de horarios en época de exames. | | | | | |
|--|-----------|---------|------|--------------|---|
| Nº exped. | Data res. | Partida | Rc | Importe | Perceptor |
| 8172/331 | 29/01/04 | 2270100 | 3882 | 634,64 euros | Serramar Vigilancia y Seguridad S.L. (C.I.F.: B-11066586) |

| CONCEPTO.- Inserción dunha páxina de publicidade da Concellería de Cultura no Anuario do Grupo Radio Vigo. | | | | | |
|--|-----------|---------|------|----------------|--------------------------------------|
| Nº exped. | Data res. | Partida | Rc | Importe | Perceptor |
| 8188/331 | 16/02/04 | 2260200 | 8470 | 1.250,00 euros | Radio Vigo S.A. (C.I.F.: A-36612414) |

A Xunta de Goberno queda enterada.

18(323).- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA RÍA DE VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA CARREIRA CICLISTA “TROFEO DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA”. EXPTE. 4351/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do Club Ciclista Ría de Vigo e de acordo co informe-porposta do director deportivo do IMD, do 9.03.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o club ciclista Ría de Vigo a celebrar o vindeiro día 3 de abril de 2004, a proba ciclista en categorías Elite e Sub 23 denominada Trofeo Deputación de Pontevedra, polas estradas pertencentes o termo municipal de Vigo, con saída diante do local da Entidade Local Menor de Bembrive a partir das 16:00 h., e chegada o mesmo punto o remate da mesma.

19(324).- REVISIÓN DO IPC E PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE.4177/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 16.03.04, conformado pola concelleira de Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autoriza-la prórroga para o periodo comprendido entre o 01-04-2004 ó 31-03-2005 do contrato para a xestión da Escola Municipal de Música adxudicado a Trobeiro S.L. por acordo da Comisión de Goberno de 11-03-2002.

2º.- Revisa-lo prezo do contrato correspondente co IPC decembro 2002-2003 máis o incremento de prazas (385), que se producirá a partires do 1 de outubro de 2004, sendo o custe do contrato para o ano 2004 de 324.146,60 Euros.

20(325).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVICIO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DURANTE O MES DE FEBREIRO DE 2004. EXPTE. 2219/077.

Mediante escrito de data 8.04.04, a concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local dá conta á Xunta de Goberno dos expedientes de contrato menor tramitados na área de Desenvolvemento Local durante o mes de febreiro do presente ano, que son os seguintes:

| Nº Exp. | Concepto | Suministrador | Importe |
|---------|----------|---------------|---------|
|---------|----------|---------------|---------|

| | | | |
|----------|---|-----------------------------|-------------|
| 2163/077 | Autorización de contrato menor para gastos diversos do Proxecto “Abeiro”. | Varios | 300 € |
| 2172/077 | Autorización de contrato menor de asistencia técnica para realización da avaliación final do Proxecto “Abeiro”. | Proxectos | 5.220 € |
| 2183/077 | Autorización de contrato menor de subministros para os equipos de protección individual para a Escola Obradoiro “Mar de Vigo II”. | Manuf. y Dist. Inmagar,S.L. | 1.504,45 € |
| 2187/077 | Autorización de contrato menor de subministros para material para a Escola Obradoiro “Mar de Vigo II”. | Pinturas Alborada,S.L. | 10.902,42 € |

A Xunta de Goberno queda enterada.

21(326).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “MÚSICA EN MOVEMENTO” DURANTE O EXERCICIO 2004. EXPTE. 871/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servicio de Festas e Animación Sociocultural do 4.03.04, conformado polo concelleiro delegado de dito servicio, co conforme xurídico do técnico de Admón. Xeral e o conforme da interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e as Bandas populares de música de Vigo para a organización do programa “*Música en movemento*” durante o exercicio 2004.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asina-lo citado convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto, por un importe total de 121.416.-€, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 451.2.227.06.00 do programa presupuestario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado, segundo o seguinte desglose:

| | |
|--|-----------|
| * "UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES" (CIF. G-36639110) | 13.704.-€ |
| * "UNIÓN MUSICAL DE CORUXO" (CIF. G-36634137) | 13.704.-€ |
| * "BANDA-ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE" (CIF. G-36647055) | 13.704.-€ |
| * SCD “ATLÁNTIDA” DE MATAMÁ | 13.704.-€ |

| | |
|--|-----------|
| (CIF. G-36620854) | |
| * "A.G. LIRA" DE SAN MIGUEL DE OIA (CIF. G-36638419) | 12.984.-€ |
| * UVCD de CANDEÁN (CIF. G-36863348) | 12.984.-€ |
| * "UNIÓN MUSICAL DE CABRAL" (CIF. G-36649945) | 11.544.-€ |
| * "AXBM AS DELICIAS DO CAEIRO" (CIF. G-36708923) | 11.544.-€ |
| * "ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE" (CIF. G-36784197) | 11.544.-€ |
| * FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (G-36855906) | 6.000.-€ |

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO - BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO PARA ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “MÚSICA EN MOVEMENTO” DURANTE O EXERCICIO 2004

Vigo, o xxxx de xxxxxx de dous mil catro,

R E U N I D O S

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, Praza do Rei, s/n, CP 36202; en adiante O CONCELLO.

Doutra parte,

D. Antonio Costas Pérez, presidente da banda "UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES", CIF G-36639110, con domicilio social en Vigo, Barrocas-Valadares, e inscrita no rexistro municipal co núm 564-98; actuando en representación desta.

D. Ricardo Acuña Martínez, presidente da banda "UNIÓN MUSICAL DE CORUXO", CIF G-36634137, con domicilio social en Vigo, Tarrío-Coruxo, núm 298, e inscrita no rexistro municipal co núm 522-97; actuando en representación desta.

D. José Pérez Davila, presidente da banda "ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE", CIF G-36647055, con domicilio social en Vigo, Coutada-Beade, 42, e inscrita no rexistro municipal co núm 567-98; actuando en representación desta.

D. Darío Alonso Comesaña, presidente da banda "AGRUPACIÓN MUSICAL "ATLÁNTIDA" da SCD ATLÁNTIDA DE MATAMÁ, CIF G-36620854, con domicilio social en Vigo, rúa Canteiros, 53, Matamá, e inscrita no rexistro municipal co núm 9-87; actuando en representación desta.

D. Anxo Alfonso Bastos, presidente da banda "LIRA DE SAN MIGUEL DE OIA", CIF G-36638419, con domicilio social en Vigo, avda. de Cesáreo Vázquez, 141, e inscrita no rexistro municipal co núm 569-98; actuando en representación desta.

D. Rodrigo Costas Duarte, presidente da banda "BANDA ESCOLA DE MÚSICA da UVCD DE CANDEÁN, CIF G-36863348, con domicilio social en Vigo, Devesa, 25, Candeán, e inscrita no rexistro municipal co núm 40-88; actuando en representación desta.

D. Miguel Anxo Lago Vázquez, presidente da banda "UNIÓN MUSICAL DE CABRAL", CIF G-36649945, con domicilio social en Vigo, avda. Santa Mariña, 95, Cabral, e inscrita no rexistro municipal co núm 38-88; actuando en representación desta.

D. Ignacio Bugarín Correa, presidente da banda "ASOCIACIÓN XOVEN BANDA DE MÚSICA AS DELICIAS DO CAEIRO-CABRAL", CIF G-36708923, con domicilio social en Vigo, Caeiro, 100, Cabral, e inscrita no rexistro municipal co núm 563-98; actuando en representación desta.

D. José Manuel Ribeiro Cea, presidente da banda de música "ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE", CIF G-36784197, con domicilio social en Vigo, Alameda do Torreiro de Bembrive, s/n, e inscrita no rexistro municipal co núm 364/94, actuando en representación desta.

D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, CIF G-36855906, con domicilio social en Vigo, rúa Canteiros, 53; actuando en representación desta.

MANIFESTAN

1. Que o Concello de Vigo ven realizando unha importante labor de apoio, difusión e potenciación das bandas populares de música de Vigo, mediante a programación de concertos durante todo o ano nos distintos barrios da cidade e nas Festas do Cristo da Victoria , dentro do programa “Música en movemento”, co obxecto de achega-la música ós ciudadáns e fomenta-la creación de novos públicos.

2. Que dende o ano 1990 o Concello de Vigo e as bandas populares de música de Vigo veñen suscibindo convenios de colaboración de forma ininterrumpida, con resultados moi satisfactorios para ambas partes.

Considerando o interese do exposto, o Concello de Vigo e as bandas populares de música de Vigo establecen a súa relación para o exercicio 2004 mediante o presente convenio de colaboración, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é formalizar o apoio, a potenciación e a promoción por parte do Concello de Vigo das nove bandas populares de música do término municipal, a través da programación de ciclos de concertos e actuacións durante todo o ano polos barrios da cidade, dentro do programa “Música en movemento”.

SEGUNDA.- O importe total deste convenio, con tódolos conceptos e impostos incluídos, ascende a CENTO VINTECATORO MIL CATROCENTOS DEZASEIS (121.416.-) €, aplicable á partida 451.2.227.06.00 do programa presupuestario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado.

TERCEIRA.- O número total de actuacións con cargo ó presente convenio será de cento dezasete (117), trece por cada unha das bandas asinantes, de forma excepcional pola retirada temporal dunha das bandas (Unión Musical de Vigo); cando esta banda se reincorpore en anos sucesivos, o número de actuacións por banda volverá a ser de doce, salvo mellor criterio do Concello.

As contías que se establecen por actuación e banda, a proposta da federación, son as seguintes:

| | |
|---|---------|
| * “UNION MUSICAL DE VALLADARES” | 1.142.- |
| * “UNION MUSICAL DE CORUXO” | 1.142.- |
| * “ESCOLA DE MUSICA DE BEADE” | 1.142.- |
| * “AGRUPACION MUSICAL ATLANTIDA DE MATAMÁ | 1.142.- |
| * “LIRA DE SAN MIGUEL DE OIA” | 1.082.- |
| * “ESCOLA DE MÚSICA DA UVCD DE CANDEÁN” | 1.082.- |
| * “UNION MUSICAL DE CABRAL” | 962.- |
| * “AS DELICIAS DO CAEIRO-CABRAL” | 962.- |
| * “ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE” | 962.- |

Nestas cantidades enténdense incluídos tódolos gastos que se deriven da actuación das bandas (recursos humáns e materiais, transportes, cadeiras...).

Así mesmo, establecése a cantidad de 6.000.-€ a favor da Federación de Bandas de Música Populares de Vigo, en concepto de planificación e organización de actividades complementarias e da coordinación das actuacións das bandas previstas neste convenio.

CUARTA.- As actuacións con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completa-lo o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste convenio corresponderalle á Concellería de Festas e Animación Sociocultural, en coordinación coa federación. Quedarán excluídas do convenio aquelas actuacións en festas populares; ademais, incluiranse actuacións en desfiles, pasarrúas ou procesións, ata un máximo de doce.

Ademais dos concertos que se programen en base a este convenio, o Concello de Vigo poderá contratar a calquera das bandas asinantes para a súa actuación nun acto oficial, aboándoselle por este concepto a cantidad estipulada anteriormente.

QUINTA.- As obrigas que asumen as bandas de música asinantes respecto do Concello son as seguintes:

1. Realizar TRECE actuacións por banda asinante, unha delas de carácter gratuíto a decidir polo Concello
2. A Concellería de Festas e Animación Sociocultural comunicará á federación os lugares, datas e horas das actuacións de cada banda:
 - se a data indicada estivera dispoñible, a banda quedará automaticamente comprometida co Concello para a súa realización.
 - se a data estivese comprometida previamente, a banda deberá acredita-lo compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.

Toda actuación que se realice sen a autorización previa da Concellería de Festas non será aboada con cargo a este convenio.

3. As bandas presentarán a través do Rexistro Xeral a solicitude de pago das actuacións realizadas, coas correspondentes "certificacións de actuación" (segundo o modelo que figura no anexo deste convenio), antes do día 26 de decembro.
4. A Concellería de Festas entregará á Federación de Bandas un total de 9 estructuras publicitarias desmontables co seu logotipo oficial, para repartir a cada unha das bandas asinantes. Esta estructura deberá estar presente nos escenarios onde se realicen as actuacións con cargo a este convenio, en lugar perfectamente visible. En caso de que algúna das bandas incumpla este apartado, o Concello poderá decidir que non lle sexa aboad o importe correspondente a esa actuación. Así mesmo, cada banda responsabilizarase da conservación da estructura durante a vixencia do convenio.

SEXTA.- Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural, deberán asumi-los seguintes compromisos:

- Distribuí-lo material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundi-lo concerto e incluír o logotipo da Concellería de Festas naquel que edite a propia entidade.
- Xestionar e aboa-lo importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da banda.
- Cubri-la "certificación de actuación", da que se inclúa modelo no anexo do convenio, indicando as posibles incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.

SÉTIMA.- As obrigas que asume o Concello de Vigo, a través da Concellería de Festas e animación Sociocultural, son as seguintes:

1. Programar as datas e lugares das actuacións, que poderán ter estrutura de ciclos, segundo os criterios que estipule coa Federación de Bandas. Así mesmo, organizará un ciclo dentro das Fiestas do Cristo da Victoria 2004, no que tomarán parte obligatoriamente as nove bandas, e que se celebrará en lugar a determinar polo concellería, entre os días 25 de xullo e 1 de agosto, ambos inclusive.
2. Comunicarlle á federación os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais para os concertos e 5 días naturais para os actos oficiais.

Debido a esto, poderá desestimar aquellas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro Xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.

3. Edita-lo material gráfico, se é o caso, e realiza-la difusión ós medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.
4. Velar para que as condicións das actuacións sexan as más apropiadas para a actividade a desenvolver e consensuadas coas propias bandas de música implicadas ou en todo caso coa Federación de Bandas, dignificando os espacios, lugares, escenarios, etc. Neste sentido, evitarase realizar actuacións ó aire libre en zonas peatonais, salvo expresa autorización por escrito do Concello. En todo caso, deberase respetar a normativa relativa á protección contra a contaminación acústica.

OITAVA.- O mecanismo de seguemento deste convenio realizarase en base ás "certificacións de actuación", asinados pola entidade correspondente, e da presencia do persoal técnico da Concellería de Festas durante os concertos.

NOVENA.- O Concello de Vigo aboará a cada banda o importe das actuacións unha vez sexan tramitadas as solicitudes de pago presentadas, mediante transferencia ás respectivas contas bancarias.

DÉCIMA.- A cancelación do presente convenio con algunha das bandas asinantes poderá producirse unilateralmente por parte do Concello de Vigo por algún destes motivos:

1. *Unha incomparecencia inxustificada a un concerto.*
2. *Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións.*
2. *Por non ter presente a estructura publicitaria en dous concertos.*

DÉCIMO PRIMEIRA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2004. Así mesmo, non será prorrogable.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Concello de Vigo non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

DECIMOTERCEIRA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para solucionar las posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por triplicado na data e lugar indicados, facilitándoseles unha copia a cada unha das bandas asinantes.

22(327).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitida por Intervención Xeral a Xunta de Goberno acorda aproba-las seguintes relacións dos mesmos:

| NOME | O.PAGO | IMPORTE | XUSTIFIC. | REINTEG. | S/FAVOR |
|----------------------------|---------|-------------|--------------------|-------------|---------|
| BOUZAS ALVAREZ ANTON | 0341947 | 420,00.- | 416,26.- | 3,74.- | |
| ESPADA RECAREY LUIS | 0403275 | 1.000,00.- | 993,08.- | 6,92.- | |
| LOPEZ MOURE JESUS | 0406571 | 9.015,00.- | 9.015,00.- | | |
| MAGDALENA VILA MARIA XESUS | 0403273 | 30,00.- | 28,76.- | 1,24.- | |
| NOME | O.PAGO | IMPORTE | XUSTIFIC. | REINTEG. | S/FAVOR |
| OJEA PEREZ IGNACIO | 0403299 | 192,42.- | 192,42.- | | |
| PORRO MARTINEZ CORINA | 0403254 | 343,12.. | 343,12.. | | |
| " | 0403252 | 378,00.. | 360,55.. | 17,45.- | |
| SAAVEDRA RODRIGUEZ JESUS | 0343788 | 84.372,70.- | 30.558,63.- | 53.814,07.- | |
| TOTAL | | | 41.907,82.- | | |

| NOME | O.PAGO | IMPORTE | XUSTIFIC. | REINTEG. | S/FAVOR |
|-----------------------------|---------|----------|-----------|----------|---------|
| ALONSO FERRAGUD SANTIAGO | 0406826 | 315,00.. | 210,00.- | 105,00.- | |
| GONZALEZ CARNERO JUAN RAMON | 0409013 | 180,00.. | 180,00.. | | |
| MAGDALENA VILA MARIA XESUS | 0360260 | 200,00.. | 170,19.- | 29,81.- | |
| RIESGO BOLUDA JOSE | 0402498 | 95,70.. | 78,00.- | 17,70.- | |
| SOTELO RODRIGUEZ JOSE A. | 0403683 | 200,00.. | 176,90.- | 23,10.- | |
| VAQUEIRO HERBELLO M. TERESA | 0402484 | 450,76.. | 448,45.. | 2,31.- | |

| | | | | |
|-------|--|--|------------|--|
| TOTAL | | | 1.263,54.- | |
|-------|--|--|------------|--|

23(328).- PROPOSTA DE ANULACIÓN DE SALDOS PENDENTES DE COBRO DO PRESUPOSTO DE INGRESOS (EXERCICIOS PECHADOS) CORRESPONDENTES A SUBVENCIÓNS E LIQUIDACIÓNS. EXPTE.3/2004.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Contabilidade, de 9.03.04, conformado pola interventora xeral e polo concelleiro de Facenda, a Xunta de Goberno, acorda:

Anula-los saldos pendentes de cobro del Presuposto de Ingresos (exercicios pechados), correspondentes a subvencións e liquidacións con importes pendentes de ingreso, polos importes e conceptos seguintes :

| <u>PRESUPOSTO</u> | <u>CONCEPTO</u> | <u>SUBVENCION</u> | <u>IMPORTE</u> |
|-------------------|-----------------|--|----------------|
| 1999 | 75502 | Dotación móvil Hnas. Ancianos desamparados | 30050,61 |

24(329).- ADXUDICACIÓN DE VEHÍCULOS DO DEPÓSITO DA AVDA. DE MADRID PARA CHATARRA. EXPTE. 69446/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 25.02.04, a Xunta de Goberno acorda:

Adxudicar a “AUTODESGUACES VIGO S.L.”, os vehículos incluidos na relación adxunta para chatarra e que se encontran no depósito da Avda. de Madrid, a razón de 8,12 pts/kg , debendo retira-los no prazo máximo de 10 días seguintes á notificación do acordo de adxudicación e previo pagamento da cantidade.

A pesaxe da chatarra farase no lugar indicado polo concello de Vigo e o seu custe por conta do adxudicatario.

O adxudicatario terá que secciona-lo bastidor dos ciclomotores e motocicletas antes da retirada do depósito debendo garantir que tódolos vehículos enaxenados terán como destino a chatarra.

Matrícula

Marca Modelo

EXPEDIENTE : 5 / 2002

PO-0077-AH

FORD SIERRA

EXPEDIENTE : 2 / 2003

-7855-BHG
M-6123-OJ
SE-2768-AH

CITROEN SAXO 1.1
RENAULT 5 FIVE
REANULT R-5 GTL

EXPEDIENTE : 3 / 2003

C-0339-BJD
C-1218-BKY

YAMAHA YN 50 R
BETA ARK AG

EXPEDIENTE : 4 / 2003

H-448R

RENAULT 5

EXPEDIENTE : 6 / 2003

PO-8697-AF
PO-4599-AJ

CITROEN AX
CITROEN BX 1.4

EXPEDIENTE : 8 / 2003

C-5281-BCK
C-1454-BFZ
C-5155-BGK
C-0251-BGR
C-6560-BHD
C-7613-BHM
C-3803-BHV
C-6429-BHX
C-0219-BJD
C-6451-BJG
C-9896-BJY
C-4695-BKF
C-9539-BLR
C-0198-BMH
LU-2321-K

PIAGGIO TYPHOON 50
APRILIA SR 50
PIAGGIO NTT
PIAGGIO ZIP
PIAGGIO ENERGY MC2
PIAGGIO TYPHOON
VESPA ZIP
PUCH TZX
PIAGGIO ENERGY
PIAGGIO NGR
PIAGGIO VESPINO F-18
PIAGGIO MC-2
APRILIA AREA
GILERA RUNNER 50
RENAULT R-19
Marca Modelo

Matrícula
PO-7997-M
PO-1689-N
PO-4353-T
PO-9254-Y
PO-8167-AF
PO-1314-AG
PO-8906-AH
PO-9410-AM
PO-8489-AT
VIG-5254-

RENAULT R-18
SEAT RITMO
OPEL CORSA TR
CITROEN AX 1.4 TZS
FIAT REGATA
RENAULT COMBI
RENAULT R-19
OPEL KADETT
LADA NIVA VAZ
PEUGEOT

VIG-13047-

APRILIA

EXPEDIENTE : 9 / 2003

| | |
|------------|--------------------|
| B-2305-NL | V.W. POLO COUPE |
| C-3809-AD | PEUGEOT 205 XL |
| C-6190-BBS | KYMCO DINK 50 LC |
| C-7427-BCX | APRILIA SR 50 AGUA |
| C-8678-BNV | MALAGUTI F10 |
| PO-5068-T | RENAULT R-9 |
| PO-7183-V | RENAULT R-9 |
| PO-5907-Y | ROVER 216 |

EXPEDIENTE : 10 / 2003

| | |
|------------|--------------------|
| PO-5542-AG | LANCIA PRISMA 1500 |
| PO-7317-AP | OPEL ASTRA 1.4 E |

EXPEDIENTE : 1 / 2004

| | |
|------------|--------------------|
| C-5410-BD | SEAT IBIZA 1.2 |
| C-5502-BBG | SUZUKI AY 50 |
| C-1373-BCN | PEUGEOT ZENIT |
| C-5108-BJM | PIAGGIO TYPHOON 50 |
| C-5097-BJW | MACAL RVE - 50 |
| C-7782-BKG | PIAGGIO TYPHOON |
| C-1558-BLR | HONDA SFX 50 |
| M-7274-EW | FORD ESCORT |
| OR-3317-M | SEAT TERRA |
| PO-6954-Y | RENAULT R-11 |
| PO-4574-AF | SEAT IBIZA 1.5 |
| PO-7783-AL | FORD ORION 1.6 |
| PO-6444-BB | V.W. GOLF 1.6 |

TOTAL VEHÍCULOS : 58

25(330).-ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA O MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓN ELECTROMECÁNICAS DOS TUNEIS PROPIEDADE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 16628/240.

Examinadas as actuacións do expediente a Xunta de Goberno acorda deixa-lo pendente da existencia de consignación presupostaria adecuada.

26- RECLAMACIÓN DE DANOS:

a) D^a. ISOLINA CRISTOS BELLO. ESTIMADA EN PARTE. EXPTE. 14588/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Xestión do Servicio de Patrimonio e Contratación, do 24.09.03, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D^a Isolina Cristos Bello por danos ocasionados como consecuencia dunha focha existente na rúa Doctor Cadaval á altura do cruce coa rúa López de Neira, visto o dictame desfavorable do

Consello Consultivo de Galicia do 3.12.03, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 4.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

| <i>Taboada González Silvia</i> | 36116263 | 79158 | 1 | 52 |
| <i>Teijeiro Guerreiro M. Remedios</i> | 36117307 | 22734 | 1 | 104 |
| <i>Torres Fernández José A.</i> | 36072916 | 79041 | 2-2 | 142 |
| <i>Trillo De Martin Pinillas Lucia</i> | 50808186 | 77174 | 2-2 | 142 |
| <i>Troncoso Padín Juan J</i> | 36087187 | 21568 | 2-2 | 142 |
| <i>Ubeira Gonzalez Jaime</i> | 34870703 | 16780 | 2-2 | 142 |
| <i>Valenzuela Rodríguez M. José</i> | 77008548 | 79183 | 3 | 182 |
| <i>Varela Álvarez Antonio</i> | 34593642 | 10487 | 2-2 | 142 |
| <i>Varela Borreguero M Cristina</i> | 36038539 | 19212 | 3 | 91 |
| <i>Vázquez Alonso Alberto</i> | 36058408 | 22378 | 2 | 71 |
| <i>Vázquez Álvarez Miguel</i> | 36036608 | 18402 | 2 | 142 |
| <i>Vázquez Costas Constantino</i> | 36037324 | 16445 | 2 | 71 |
| <i>Vázquez Marín Antonio</i> | 36007059 | 14210 | 2 | 71 |
| <i>Vazquez Martínez Ramón</i> | 36039141 | 16478 | 2-2 | 142 |
| <i>Vázquez Pazó Modesto</i> | 36063855 | 77034 | 1 | 52 |
| <i>Vázquez Pazó Ramón</i> | 35995747 | 79386 | 1 | 104 |
| <i>Vázquez Pedrido Gumersindo</i> | 36051268 | 15680 | 2-2 | 142 |
| <i>Vázquez Rial Ramón</i> | 36022874 | 13273 | 2 | 142 |
| <i>Vázquez Varela José M.</i> | 36071670 | 18170 | 2 | 71 |
| <i>Veiga Jorge Jose J</i> | 36085795 | 21572 | 1 | 52 |
| <i>Veloso Pérez Modesto</i> | 76746914 | 18359 | 1 | 52 |
| <i>Vicente Ferreira José I.</i> | 34874839 | 76476 | 1 | 52 |
| <i>Vicente Rodriguez Carolina</i> | 36080915 | 22119 | 2-2-2 | 213 |
| <i>Vidal Calvar M. Monserrat</i> | 36088692 | 23797 | 1 | 52 |
| <i>Vidal Lorenzo Lucía</i> | 36155437 | 79122 | 3 | 91 |
| <i>Vidal Trigo Antonio</i> | 36026112 | 14261 | 2 | 71 |
| <i>Vieitez Oitabén M- José</i> | 36084439 | 21479 | 2 | 71 |
| <i>Vigo Quiros Emilio</i> | 36025575 | 18193 | 2 | 71 |
| <i>Vila Abalde Eliseo S</i> | 36018471 | 77224 | 2 | 71 |
| <i>Vila Abalde Bienvenido</i> | 35967426 | 12345 | 3-3 | 364 |
| <i>Vila Bastos Jose M</i> | 36023392 | 13729 | 2 | 71 |
| <i>Vila Da Vila Jose Carlos</i> | 36049990 | 22993 | 2-2 | 142 |
| <i>Vilaboa Perez Fernando</i> | 36019660 | 16231 | 2-2 | 142 |
| <i>Villamor Alvarez Reyes</i> | 36036280 | 15711 | 2-2 | 142 |
| <i>Villar Comesaña José A.</i> | 36066904 | 21380 | 2 | 142 |

| | | | | |
|---------------------------|----------|-------|-------|-----|
| Villar Davila M. Begoña | 36053172 | 15958 | 3 | 182 |
| Villar Dominguez Manuel | 36010951 | 18483 | 2-3 | 253 |
| Villar Fernández José M. | 36097548 | 79106 | 1 | 52 |
| Villar González Mª Begoña | 36044028 | 23805 | 2-2 | 142 |
| Villar Salgueiro Jaime | 36053456 | 21031 | 1-2-3 | 325 |
| Villar Sánchez Enrique | 36055326 | 18307 | 2 | 71 |
| Villaverde Beleiro Jose | 36033203 | 14700 | 2 | 71 |
| Vivero Mijares Antonio | 36088250 | 21054 | 2-2 | 142 |

| APELIDOS E NOME | DNI | PERSOAL | CLAVE | EUROS |
|-----------------|-----|---------|-------|-------|
|-----------------|-----|---------|-------|-------|

| | | | | |
|--------------------------|----------|-------|-----|-----|
| Vivero Mijares Juan G | 36088267 | 23975 | 2 | 71 |
| Vulcano Ferreira Jorge G | 36091312 | 10004 | 2-2 | 142 |

SUMA TOTAL 50.472 €

LISTADO AXUDAS DE ESTUDIOS DO GRUPO E

| APELIDOS E NOME | DNI | PERSOAL | CLAVE | EUROS |
|--------------------------------|----------|---------|-------|-------|
| Albor Rodríguez Javier | 34905627 | 15036 | 2-2 | 162 |
| Alonso Alvarez Avelino | 34623375 | 16768 | 2 | 81 |
| Alonso Leirós José | 36016575 | 15869 | 3 | 110 |
| Álvarez Riveiro José | 35215129 | 10932 | 2 | 81 |
| Arango Fernández Xosé M. | 36085308 | 23277 | 2 | 81 |
| Ballesteros Costas Roberto | 36074998 | 22869 | 2 | 81 |
| Barciela Cea José | 36031456 | 13818 | 2-2 | 162 |
| Barreiro Amor Prudencio | 35789781 | 9432 | 3 | 220 |
| Bayer Francisco José | 36086971 | 78009 | 1-2 | 144 |
| Bautista Faraldo José M. | 36013497 | 8355 | 1-2 | 144 |
| Ben Couto José | 36023633 | 15059 | 2-2-2 | 243 |
| Castro Duarte José A. | 36010612 | 13646 | 2-2 | 162 |
| Comesaña Fernandez Juán J | 36059690 | 17383 | 2-2 | 162 |
| Crespo Bastos Xosé Manuel | 36047965 | 22852 | 1-2 | 144 |
| Cruz Pazó Santiago | 35280705 | 22881 | 3 | 220 |
| Davila Crespo Marina A. | 36049214 | 22830 | 1-2 | 144 |
| Fandiño Docio Enrique | 35300773 | 78889 | 1-1 | 252 |
| Fernández Alonso José A. | 36037789 | 12055 | 2-2 | 162 |
| Fernández Amil Fernando | 36022162 | 13706 | 2-3-3 | 301 |
| Fernández Giraldez María Jesús | 36019144 | 22823 | 2 | 81 |
| Ferro Mancho Angel A. | 36072730 | 79185 | 2 | 81 |
| Froján Villaverde José | 76486073 | 13907 | 3 | 110 |
| Gómez Rodriguez José a. | 36062814 | 23194 | 2-2 | 162 |
| Hermida Rodríguez José Luís | 36005133 | 13570 | 3 | 220 |
| Hervada Ventín Andrés | 36016681 | 16225 | 1-2 | 144 |
| Igrexas Martínez Carlos | 36036909 | 15533 | 2-2 | 324 |
| Iriarte Sanromán José A. | 36031862 | 13830 | 2-2-3 | 272 |
| Martinez Pereira Juán J. | 36041374 | 15757 | 2 | 81 |

| | | | | |
|----------------------------------|----------|-------|---|-----|
| <i>Moreira Lemos Isabel</i> | 35875036 | 9231 | 3 | 110 |
| <i>Ogando Lopez Jose M</i> | 76699569 | 13913 | 1 | 63 |
| <i>Oliveira Quintas Manuel</i> | 36002214 | 9917 | 2 | 81 |
| <i>Otero Lorenzo Manuel</i> | 36041200 | 17851 | 2 | 81 |
| <i>Pérez Figueiras Carlos</i> | 35981610 | 17294 | 2 | 162 |
| <i>Pérez López José L</i> | 36008149 | 76565 | 3 | 110 |
| <i>Pèrez da Silva Eduardo A.</i> | 36029686 | 17800 | 2 | 81 |
| <i>Rodríguez Bastos Enrique</i> | 36062463 | 77220 | 2 | 81 |

| APELIDOS E NOME | DNI | PERSOAL | CLAVE | EUROS |
|-----------------|-----|---------|-------|-------|
|-----------------|-----|---------|-------|-------|

| | | | | |
|-------------------------------------|----------|-------|-----|-----|
| <i>Rodríguez Fernández José L.</i> | 36000972 | 9700 | 2 | 81 |
| <i>Rodriguez Leiros Alfonso</i> | 35994666 | 15438 | 2-2 | 162 |
| <i>Rodríguez Vázquez Jaime</i> | 10017163 | 76570 | 3-3 | 440 |
| <i>Rodriguez Gil-Delgado Loreto</i> | 36064307 | 78929 | 1-1 | 126 |
| <i>Sanchez Saiz José R.</i> | 35989903 | 16202 | 2 | 81 |
| <i>Sanmartín García Manuel</i> | 35972860 | 78739 | 2 | 81 |
| <i>Santiago Dacosta Francisco</i> | 36050705 | 17880 | 2-2 | 162 |
| <i>Sousa Atrio José M.</i> | 36045293 | 22790 | 2 | 81 |
| <i>Suarez Álvarez Enrique</i> | 35987569 | 17673 | 2 | 81 |
| <i>Troncoso Campos Adolfo</i> | 35972005 | 11191 | 3 | 110 |
| <i>Vázquez Area Miguel</i> | 36010264 | 13630 | 3 | 110 |
| <i>Vazquez Blanco Juan</i> | 35921656 | 17615 | 2 | 81 |
| <i>Vázquez de Francisco Xosé L.</i> | 36025591 | 17779 | 2 | 81 |
| <i>Vidal Rios Manuel</i> | 32623399 | 15622 | 2-2 | 162 |
| <i>Villares Vila Modesta</i> | 36084242 | 22540 | 1 | 63 |

SUMA TOTAL 7.202 €

36(340).-PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS RECLAMACIÓNS DE ESTUDIOS 2003-2004 (1º PRAZO). EXPTE. 14812/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o acordo da Comisión do Fondo Social de data 3.02.04, o informe de Intervención Xeral do 16.03.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 23.02.04, conformado polo concelleiro-delegado de Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno acorda:

Autoriza-lo aboamento de axudas ás reclamacións de estudios 2003-2004 (1º prazo), ós seguintes traballadores, e que ascende a un importe total de 580 € (QUINIENTOS OITENTA EUROS):

| APELIDOS E NOME | DNI | PERSOAL | EUROS |
|-----------------|-----|---------|-------|
|-----------------|-----|---------|-------|

| | | | |
|------------------------------------|----------|-------|---------------|
| <i>Comesaña Trigo Xosé Vicente</i> | 42792843 | 21798 | 98,00 |
| <i>Galego Sánchez María Carmen</i> | 36028052 | 9515 | 182,00 |
| <i>García Rodríguez José Ángel</i> | 36044893 | 14580 | 98,00 |
| <i>Herrera Oya Emilio</i> | 36043641 | 15728 | 98,00 |
| <i>Vieitez Oitabén María José</i> | 36084439 | 21479 | 104,00 |
| TOTAL | | | 580,00 |

37(341).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AXUDAS ESPECIAIS E AXUDAS EXTRAORDINARIAS CON CARGO Ó FONDO SOCIAL (CONVOCATORIA 2004). EXPTE. 14813/220.

A Xunta de Goberno retira o expediente da orde do día para que se realice un mellor estudio.

38(342).- AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 18/2004 INTERPOSTO POLA XUNTA DE GALICIA EN RELACIÓN CON LIQUIDACIÓN DO IBI 2002. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta do auto de data 26.02.04, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Acorda declarala inadmisibilidade do presente recurso contencioso-administrativo por non ter agotado a vía administrativa previa”.

A Xunta de Goberno queda enterada.

39(343).- AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 19/2004 INTERPOSTO POLA XUNTA DE GALICIA EN RELACIÓN CON LIQUIDACIÓN DO IBI 2002. INADMISIBLE O RECURSO.

Dáse conta do auto de data 20.02.04, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Acorda declarala inadmisibilidade do presente recurso contencioso-administrativo por non ter agotado a vía administrativa previa”.

A Xunta de Goberno queda enterada.

**40(344).-AUTO DO TRIBUNAL SUPREMO NO RE. CASACIÓN Nº 008/0001484/2003
INTERPOSTO POLA XUNTA DE GALICIA EN RELACIÓN COA APLICACIÓN E
XUSTIFICACIÓN POLOS CONCELLOS BENEFICIARIOS DO FONDO DE COOPERACIÓN
LOCAL PARA O EXERCICIO 2001. AUTO DE DESESTIMENTO.**

Dáse conta do auto de data 3.02.04, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Ter por desistido ó letrado da Xunta de Galicia na representación que ostenta do recorrente Xunta de Galicia, do recurso de casación interposto en nome deste e rematado o procedemento, ordenándose o arquivo dos autos e a devolución das actuacións recibidas ó Tribunal de Xustiza de Galicia con/ad de La Coruña/a Coruña, sen facer expresa imposición de custas ”.

A Xunta de Goberno queda enterada.

**41(345).-SOLICITUDE DE EXENCIÓN NO CUMPRIMENTO DO RETIRO FRONTAL EN
ORDENANZA 1.3.D. EXPTE. 8776/411.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico da Admón. Xeral do departamento de Xestión, do 4.03.04, que di o seguinte:

Con data 12 de decembro de 2003, Dª Rosa Arias Vázquez, propietaria, segundo manifesta, dun inmoble sito na primeira Travesía da Salgueira Nº 30, clasificado no vixente PXOU de Vigo como solo urbano, calificado coa ordenanza 1.3.D., de edificación familiar, solicitou a execución do cumprimento do retiro frontal da futura edificación a construir na parcela, esixido pola dita ordenanza, dado que todas as edificacións da rúa sitúanse ó bordo da beirarrúa.

O arquitecto técnico municipal con data 19 de decembro de 2003 emitiu ó respecto o informe que segue:

“Á vista da solicitude presentada, esta oficina técnica informa:

Solicítase para unha propiedade que figura no PXOU vixente en solo urbano e cualificada coa Ordenanza 1.3.D. de vivendas unifamiliares en fileira de alta densidade o poder eximir da esixencia do recuado frontal fixado na ordenanza de aplicación 1.3.D de 3 m á alineación da rúa e pode construir en liña sen gardar o citado recuado dado que as demais edificacións coligantes se encontran aliñeadas coa beirarrúa. A previsión da ordenanza de aplicación 1.3.D, establece uns recuados mínimos de 3 m. O lindeiro e aliñacón frontal polo que á vista do exposto e de acordo ó artigo 54º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanítica e protección do medio rural de Galicia, en concreto ó apartdo b) de cualificación dos terreos, entendida como a asignación detallada de usos promenorizados, tipoloxías edificatorias e condicións de edificación correspondente a cada zona

que se establece para o solo urbano nos planes xerais de ordenación, a solicitude presentada suporía unha modificación do PXOU, polo que se propón a súa desestimación.”

Conforme este técnico da administración xeral co anterior informe, proponse, de conformidade co mesmo, á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestima-la petición formulada ante esta Administración municipal con data 12 de decembro de 2003, por Dª Rosa Arias Vázquez de exención de cumprimento do retiro frontal esixido pola ordenanza 1.1.D para a futura edificación a construir no inmoble, sinalado co número 30 da Primeira Travesía da Salgueira.

Segundo.- Notifíquese, en legal forma, o presente acordo á interesada no expediente.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

42(346).- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN ESPECIAL PARA A APERTURA DUN VIAL DE CONEXIÓN ENTRE AS RÚAS MESTRE SOUTULLO E BENITO CASTRO NOGUEIRA. EXPTE. 8129/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servicio de Planeamento e Xestión, do 2.03.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- Con data do 10 de xaneiro de 2002, D. Roberto Dominguez Cendón formulou consulta urbanística sobre a posibilidade de promove-la construcción de varias vivendas unifamiliares adosadas en solo urbano cualificado coa ordenanza 1.3.D., de vivenda unifamiliar adosada, nunha parcela incluída no ámbito definido pola Avda. de Aeroporto e as rúas Benito Castro Nogueira, Mestre Soutillo e Cronista J. Espinosa, situada entre os viais Benito Castro Nogueira e Mestre Sotullo e con frente, tamén, a camiño público, segundo as escrituras públicas de adquisición, non inventariado, non obstante, como tal no inventario municipal de viais.

2º.- O enxeñeiro técnico de obras públicas, con data do 29 de maio de 2002, informou favorablemente a consulta formulada, afirmando o carácter de solo urbano consolidado dos terreos en cuestión, ó dispoñer estos de todos los servicios urbanísticos; a oportunidade que supón aproveita-la existencia dun camiño público – deducido das escrituras de propiedade pero non inventariado no inventario municipal de viais – para crear un vial que conecte as rúas Mestre Soutullo e Benito Castro Nogueira, que complete o entramado viario no seu nivel xerárquico máis inferior e, en fin, a mellora substancial da ordenación que a proposta consultada incorpora.

3º.- O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 3 de outubro de 2002, acordou prestar conformidade ó referido informe do enxeñeiro técnico municipal do 29 de maio de 2002, así como requerir ó departamento de Patrimonio para que procedese a inventariar como público o camiño a que se refire o enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de Planeamento e Xestión no devandito informe.

4º.- Á vista deste acordo, Dª Maribel Cendón Rodríguez, D. Roberto Domínguez Cendón e outros, con data do 21 de xaneiro de 2003, presentaron o estudio de detalle, obxecto deste expediente, para completa-las aliancóns deste camiño público, non inventariado, que separa os terreos da súa propiedade e a finca de San Telmo, de titularidade municipal; estudio de detalle que foi redactado polos arquitectos D. Perfecto Cendón Domínguez e D. Francisco Javier Vazquez Fernández e conta con visado do COAG do 8 de xaneiro de 2003.

5º.- O enxeñeiro técnico de obras públicas municipal, con data 9 de xullo de 2003 informou, respecto deste estudio de detalle, o que segue:

“No expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU á Lei 11/85 (LASGA), aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o 29.04.93 (DOG do 10.05.93), o ámbito do estudio de detalle está clasificado como solo urbano, regulado pola Ordenanza 1.3.D. de vivenda unifamiliar adosada.

O presente estudio de detalle ten como finalidade completa-las aliancóns do camiño público que separa os terreos de titularidade privada, da finca de San Telmo, de propiedade municipal.

A proposta fixa estas aliancóns seguindo o contido do artigo 106 da Lei 9/2002, do 3 de decembro, e en consonancia co entramado viario da zona. Deste xeito quedan unidas a Travesía de Mestre Soutullo e a rúa Benito Castro Nogueira.

Os parámetros más salientables do E.D. son:

Superficie total = 1.786,-m²

Superficie vial = 507,-m²

Superficie edificable = 1.279,- m²

A documentación presentada axústase ós artigos 65 e 66 do RPU.”

6º.- Pola súa parte, o técnico de administración xeral emitiu, con data 20 de outubro de 2003, o seguinte informe:

“I.- O feito de que o devandito camiño non figure recollido como público no Inventario Municipal de Viales e que, asemade, careza de aliancóns fixadas no vixente PXOU, pode suscita-la dúbida de se o estudio de detalle presentado, e a súa execución, mais que complementa-las aliancóns dun camiño público non inventariado, o que implica, en realidade, é a apertura dunha nova vía de uso público non contemplada previamente no Plan Xeral; posibilidade expresamente prohibida para os estudos de detalle no artigo 73. 2. d) da vixente LOUGA.

Por esta razón e á vista da conveniencia da apertura do dito vial, apuntada polo enxeñeiro técnico no devandito informe de 29 de maio de 2002, parece aconsellable recurrir á figura de planeamento prevista pola LOUGA para esta específica finalidade de establecemento de novas dotacións viarias en solo urbano consolidado.

Creemos que o establecemento dunha dotación viaria como a que se propón, dada a súa entidade, non está necesitada dunha modificación puntual do Plan Xeral e que a propia LOUGA, a través da figura do Plan Especial, nas súas distintas modalidades, proporciona o instrumento de planeamento adecuado a tal fin.

Das categorías de plans especiais previstas na LOUGA como típicas: de protección, de reforma interior, de infraestructuras e dotacións e de protección, rehabilitación e mellora do medio rural, temos que excluir, pola súa propia finalidade, como figuras de planeamento idóneas ó indicado fin, os plans especiais de protección e os de protección, rehabilitación e mellora do medio rural. Igualmente, cabe excluir os plans especiais de reforma interior, ó ter que referirse estos, tal e como parece desprenderse dos artigos 70 e 62. 1 LOUGA, a operacións de reforma interior en solo urbano non consolidado, cando os terreos que nos ocupan, segundo o referido informe técnico,

merecen a consideración de solo urbano consolidado. Resta, por tanto, como figura de planeamento que podería permiti-lo establecemento desta dotación viaria a do plan especial de infraestructuras e dotacións.

Neste sentido debe entenderse que os plan especiais de infraestructuras e dotacións teñen por obxecto non so o establecemento e ordenación de todas as infraestructuras básicas relativas ós sistemas que enumera o artigo 71 LOUGA, senón, tamén, de conformidade co artigo 68.2 LOUGA, o establecemento de infraestructuras e dotacións urbanísticas básicas, cando o planeamento xeral municipal non contivese as previsións detalladas oportunas, sempre que estas determinacións non esixan a previa definición dun modelo territorial

No presente caso estamos ante a necesidade de creación dunha dotación urbanística viaria básica, en solo urbano consolidado, debida á falta da oportuna previsión detallada do Plan Xeral de Vigo, para a satisfacción da cal o artigo 68. 2 da LOUGA prevé a posibilidade de aprobación dun plan especial que, de acordo coas categorías de plans especias típicos do devandito texto legal, cabería calificar de infraestructuras e dotacións, áinda que, en última instancia, a denominación que, en definitiva, se lle asigne a esta figura de planeamento resulte irrelevante ós efectos que nos ocupan, dada a expresa previsión legal, no repetido artigo 68.2 LOUGA, da posibilidade de creación de dotacións urbanísticas viarias básicas, en solo urbano consolidado, por falta da oportuna previsión detallada dos planeamentos xerais.

II.- A documentación presentada, áinda que referida a un estudio de detalle, contén as determinacións necesarias e propias da naturaleza e finalidade dun plan especial para o establecemento da dotación urbanística viaria básica que se propón para a conexión entre as rúas Mestre Soutullo e Benito Castro Nogueira, que se xustifican na memoria e planos correspondentes.

III.- De acordo co artigo 86. 1 LOUGA, o órgano municipal competente procederá á aprobación inicial do plan especial e someterao a información pública como mínimo durante un mes e como máximo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior circulación da provincia, debendo publicarse o anuncio, neste último caso, en dous días consecutivos. Simultaneamente notificarse individualizadamente a todos los propietarios dos terreos afectados.

Como plan especial non previsto no planeamento xeral a súa aprobación definitiva requerirá a previa emisión de informe preceptivo do conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación de territorio, tralo trámite de aprobación provisional do mesmo."

7º.- A vista dos anteriores informes o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 23 de outubro de 2003 acordou aprobar inicialmente o plan especial no ámbito definido pola Avda. de Aeroporto e as rúas Benito Castro Nogueira, Mestre Soutillo e Cronista J. Espinosa, para o establecemento dunha dotación urbanística viaria básica, en solo urbano consolidado, que unirá as rúas Mestre Soutullo e Benito Castro Nogueira, conforme a documentación presentada como estudio de detalle, con data 21 de xaneiro de 2003, por Dª Maribel Cendón Rodríguez, D. Roberto Domínguez Cendón e outros, redactada polos arquitectos D. Perfecto Cendón Domínguez e D. Francisco Javier Vazquez Fernández, con visado do COAG do 8 de xaneiro de 2003.

8º.- Sometido o expediente a información pública polo prazo dun mes, mediante anuncio publicado no DOG, núm. 221, de 13 de novembro de 2003 e en dous xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo do 13 de novembro de 2003 e Atlántico Diario de 14 de novembro de 2003), con notificación individual ós propietarios rexistrais e catastrais dos terreos afectados, non se presentou, durante o prazo concedido ó efecto, ningunha alegación.

9º.- Con data 12 de febreiro de 2004, presentouse polos arquitectos redactores do proxecto unha nova documentación, coincidente coa aprobada inicialmente, modificada, únicamente, no que se refire a denominación da figura de planeamento, obxecto do proxecto, sustituindo ó longo do documento a expresión "estudio de detalle" pola de "Plan especial para a apertura dun vial de conexión entre as rúas Mestre Soutullo e Benito Castro Nogueira" e realizando a tal fin as adaptacións pertinentes.

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

I. As razóns expostas nos informes trasncritos nos antecedentes deste acordo xustifican a aprobación do presente plan especial.

II. O tratarse dun plan especial non previsto no plan xeral vixente é necesaria a emisión do informe preceptivo e vinculante do conselleiro competente en materia de urbanismo a que se refire o artigo 86. 1. d) LOUGA, previa aprobación provisional do expediente pola Xunta de Goberno Local (artigos 123. 1. i) e 127.1. d) LRBRL).

III.- Por último, de conformidade cos artigos 123. 1. i) e 127.1. d) LRBRL é competente para a aprobación provisional deste plan especial a Xunta de Goberno Local e para a definitiva o Concello-Pleno mediante acordo adoutado co voto favorable da maioría simple dos membros do Pleno presentes (artigo 123. 2 LRBRL).

Por todo o exposto e de acordo coas precedentes consideracións e artigos citados propone a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O...”

Conclúa o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar provisionalmente o plan especial no ámbito definido pola Avda. de Aeroporto e as rúas Benito Castro Nogueira, Mestre Soutillo e Cronista J. Espinosa, para o establecemento dunha dotación urbanística viaria básica, en solo urbano consolidado, que unirá as rúas Mestre Soutullo e Benito Castro Nogueira, conforme a documentación correxida, presentada con data 12 de febreiro de 2004, con data de visado do COAG de 10 de febreiro de 2004 --que sustitúe á presentada como estudio de detalle, en data 21 de xaneiro de 2003, por Dª Maribel Cendón Rodríguez, D. Roberto Domínguez Cendón e outros-- redactada polos arquitectos D. Perfecto Cendón Domínguez e D. Francisco Javier Vazquez Fernández.

2º.- Remítase o expediente completo, debidamente dilixenciado, ó conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe preceptivo e vinculante.

3º.- Notifíquese o presente acordo en legal forma ós interesados no expediente.

**43(347).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A D. JOAQUÍN R. PÉREZ CAAMAÑO
CONSTITUÍDA POLA RETIRADA E POSTERIOR REUBICACIÓN DE BANCOS DE PEDRA
NA RÚA MÉNDEZ NÚÑEZ 11. EXPTE. 40417/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 9.03.04, conformado polo concelleiro delegado de dito servicio, a Xunta de Goberno acorda:

Proceder á devolución da fianza de 300 € a favor de D. Joaquín Ramón Pérez Caamaño constituída para responder da retirada dos bancos de pedra para levar a cabo as obras de rehabilitación do edificio situado na rúa Méndez Núñez nº 11, que foi depositada na Tesourería municipal co nº de operación 200300036807 de data 22.07.03.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**44(348).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO PLAN COMUNITARIO
DO CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2004. EXPTE.
872/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o conforme xurídico do técnico de Admón. Xeral e o conforme da interventora xeral e de acuerdo co informe-proposta do técnico responsable do Servicio de Festas e Animación Sociocultural, do 10.03.04, conformado polo concelleiro de dito servicio, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Aproba-lo proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e o Plan Comunitario do Casco Vello para a organización dos actos da *Reconquista 2004*.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asina-lo convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 30.050,61.-euros, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 451.2.227.06.02, do programa presupuestario de Festas e Animación Cultural para o exercicio 2003 prorrogado e que se aboará ó Plan Comunitario do Casco Vello, CIF G-36790954.

4º.-Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO- PLAN COMUNITARIO DO CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2004

Vigo, o XXXXXXXX de marzo de dous mil catro.

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL , e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, Dª MARÍA XOSÉ LÓPEZ SÁNCHEZ, NIF 36.052.959, PRESIDENTA e en representación do PLAN COMUNITARIO DO CASCO VELLO DE VIGO, CIF G-36790954, con domicilio na cidade de Vigo, rúa Misericordia, núm 2; no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

1. Que a Concellería de Festas ten como un dos seus principais obxectivos a dinamización sociocultural dos distintos barrios, como elemento clave para a participación das súas veciñas e veciños, E en especial naquellos celebracións relevantes para toda a cidade como é a Reconquista, o 28 de marzo.

2. Que o Plan Comunitario do Casco Vello ven organizando non últimos anos unha importante labor de revitalización desta festividade, mediante a organización de diferentes actividades lúdicas no ámbito do barrio histórico da cidade, cunha notable participación da cidadanía e converténdose nun acto de referencia no calendario cultural municipal.

3. Que ambas partes desexan establecer un marco de colaboración económico e organizativo para a celebración da Reconquista 2004, a través de actividades nas que toda a sociedade viguesa teña a oportunidade de participar, xa que na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réxime local faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establece-la relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a organización conxunta dunha programación conmemorativa da RECONQUISTA 2004, que incluirá as actividades que figurán no proxecto presentado e que persiguen como principais fins:

- Revalorizar socialmente a zona do Casco Vello.
- Dar a coñecer a historia da cidade dun xeito lúdico.
- Fomentar a participación nas actividades culturais do Barrio Histórico.
- Recoñecer ó Casco Vello como alternativa cultural e de ocio.

SEGUNDA.- O presuposto total das actividades obxecto do convenio ascende a 30.050,61.-€, con todos os conceptos e impostos incluídos, según o orzamento presentado pola ENTIDADE, e que se financiarán con cargo á partida 451.2.227.06.02 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural do orzamento do 2003 prorrogado.

TERCEIRA.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:

1. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestructura e equipo humano necesario para tal fin.
2. Asumir tódolos gastos que se deriven da organización destas actividades e obter tódolos permisos e autorizacións de carácter non municipal necesarias para a súa realización.
3. Comeza-las actividades do programa á hora anunciada ó público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realiza-las correccións técnicas que resulten necesarias.
4. Xestionar e aboa-la cantidade que corresponda polos dereitos de autor, de se-lo caso, que se xeren pola programación que figura neste convenio.
5. Edita-lo material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Festas; este material deberá contar co seu logotipo. Ademais, farase mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.
6. Presentar a través do Rexistro Xeral a memoria das actividades obxecto deste convenio, dentro dos trinta días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: número de asistentes, memoria de prensa, balance económico con detalle de gastos e aportando as facturas xustificativas correspondentes.

CUARTA.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, con acceso libre e gratuito, ata completa-lo o aforo do lugar onde se celebren.

QUINTA.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (30.050,61.-euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente número 0072 0402 40 0000132840, domiciliada na entidade Banco Pastor e da que é titular A ENTIDADE, según o seguinte:

- Un primeiro pagamento a conta por importe de 15.000.-€, o día 24 de marzo.
- Un segundo e derradeiro pagamento por importe de 15.050,61.-€, para o que A ENTIDADE presentará a través do Rexistro Xeral solicitude do pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula segunda, apartado 6, dentro dos trinta días seguintes á finalización

da programación. O pagamento realizarase previa certificación do responsable técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.

SEXTA.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a constitución dunha comisión mixta, presidida polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, e composta por dous membros designados polo Concello de Vigo e un polo Plan Comunitario; como secretario actuará un técnico do Concello.

SÉTIMA- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integralmente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e A ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

OITAVA- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de xuño de 2004 e, así mesmo, non será prorrogable.

NOVENA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolve-las posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican

45(349).-PROPOSTA DE APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZÁLEZ SIERRA. EXPTE. 39428/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarala urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 17.03.04, conformado polo concelleiro de Vías e Obras, que di o seguinte:

O proxecto "Humanización da Rúa Dr. González Sierra", foi redactado por TICCO Ingeniería, S.L. e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Ángel Colsa Lloreda en Decembro de 2002

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para la humanización da mencionada rúa e a reposición dos servicos que se atopan no estado deficiente

O presuposto base de licitación ascende á cantidad de 388.199,06 € (TRESCENTOS OITENTA E OITO MIL CENTO NOVENTA E NOVE EUROS CON SEIS CENTIMLOS).

O proxecto inclúe o correspondente estudio básico de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumplir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Polo exposto sométese á consideración DA Xunta General Local, a seguinte:

PROPOSTA:

"Aprobar tecnicamente o proxecto de " Humanización da Rúa Dr. González Sierra" cun presupuesto base de licitación de 388.199,06 € (TRESCENTOS OITENTA E OITO MIL CENTO NOVENTA E NOVE EUROS CON SEIS CENTIMOS).

Acordo

A Xunta de Goberno acorda aproba-la proposta contida no precedente informe.

46(350).-PROPOSTA DE APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DAS RÚAS CARRAL E VICTORIA. EXPTE. 39423/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 17.03.04, conformado polo concelleiro de Vías e Obras, que di o seguinte:

O proxecto " Humanización das "Rúas Carral e Victoria, foi redactado por TICCO Ingeniería, S.L. e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Ángel Colsa Lloreda en Xullo de 2003

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a humanización das mencionadas rúas contemplando a reposición de aqueles servicios que se atopan en estad deficiente

O presupuesto base de licitación ascende á cantidad de 713.992,27 € (SETECENTOS TRECE MIL NOVECENTOS NOVENTA E DOS EUROS CON VINTESETE CENTIMOS).

O proxecto inclúe o correspondente estudio básico de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

Na súa memoria faise mención expresa de que O proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumplir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte:

PROPOSTA:

"*Aprobar tecnicamente o proxecto de " Humanización das Rúas Carral e Victoria" cun presuposto base de licitación de 713.992,27 € (SETECENTOS TRECE MIL NOVECENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON VINTESETE CENTIMOS).*

Acordo

A Xunta de Goberno acorda aproba-la proposta contida no precedente informe.

47 (351).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter más asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e corenta e cinto minutos. Como secretaria dou fé.

me.